

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

1.- Só se pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite en primeiro lugar, na que poderá elixir varios centros por orde de preferencia. O seu incumprimento determinará a perda dos dereitos de prioridade que lle correspondan, igual que se a presenta fóra de prazo ou presenta datos que non se axusten á realidade.

2.- O alumnado matriculado actualmente, neste curso 2013-2014, ten garantida a permanencia no centro ata o remate da Educación Primaria, polo que **non ten que volver a formalizar matrícula**. Non obstante, debe manifestar expresamente mediante escrito dirixido á dirección do centro:

- A necesidade de utilizar o servizo complementario de **transporte**, durante o **mes de abril**, segundo o artigo 6 e a disposición adicional segunda da Orde do 12 de marzo de 2013, corrección de erros no DOG do 24 de abril de 2013.
- A petición de cambio na opción elixida durante este curso de Relixión, Atención Educativa ou Valores Sociais e Cívicos.
- Os cambios de domicilio e/ou de teléfono.
- De solicitar outro centro distinto para o seguinte ano académico, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe, entregando en secretaría unha copia da solicitude.

3.- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude noutro distinto deberá comunicar por escrito a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.

4.-Este centro **está adscrito** aos IES de Pontepedriña e Sar.

5.-As **áreas limítrofes** son as dos centros públicos: Lamas de Abade, Cardeal Quiroga Palacios, Pío XII, López Ferreiro, Apóstolo Santiago e Monte dos Postes.

6.-**Horario xornada escolar/lectiva** (de 9:00 a 14:00)

7.-**SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO:**

1)**TRANSPORTE** escolar gratuito da Consellería de Cultura, Educación e O.U., con acompañante.

Normas de aplicación:

a) Artigo 6 da Orde 12 de marzo de 2013.

Non terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponde por zona de influencia (Excepcionalmente terán dereito as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso)

b) Punto 2 da disposición adicional segunda da mesma orde mencionada, corrección de erros no DOG do 24 de abril de 2013: O alumnado que non teña que formalizar matrícula, debe solicitar ao centro o servizo de transporte, por escrito, ao longo do **mes de abril**.

c) Decreto 203/1986: Terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior aos dous Km.

d) As solicitudes de uso excepcional realizaranse anualmente a través de dirección e, de ser concedidas, serán para cada curso escolar, sempre que non sexa preciso asignar as prazas ao novo alumnado con dereito preferente. O feito de obter praza non lle outorga ao beneficiario dereito ningún no futuro. Lémbrolle que é autorización temporal e está condicionada á existencia de prazas libres na ruta correspondente. No caso de cubrirse ditas prazas por alumnos con dereito a este servizo, aplicarase a orde de prelación determinada no punto 6º da instrución 3/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación que di:

-Terá dereito en 1º lugar o alumno **cuxo domicilio** estea situado a unha distancia inferior a 2km. e superior a 1 km. en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos menores sobre os maiores)

-En 2º lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia

-Cando a prelación non poida establecerse conforme ao criterio anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, formularase unha proposta e enviarase a Xefatura Territorial, quen tomará as medidas oportunas.

Relación de rutas e paradas:

RUTA 1 (vermello)

Cottolengo

Bar Luciano ida

Ponte Vía

Calefaccións Baluja

Xiro de Tilos

Ponte Vía- retorno

Bar Luciano

Parada bus Lilas

Picaños

RUTA 2 (Azul)

Pontepedriña

República Arxentina

A Rosa

Fernando III

RUTA 3 (Verde)

Pistas de pádel

Altaira

Midas

Subterráneo

Curros Enríquez

Ponte Sar- Mosquera

Ponte Sar- Chantadina

RUTA 4 (Amarelo)

Cruceiro de Sar

Camiño Real de Angrois

Angrois

Devesa

Ruta Vehículo adaptado

Romero Donallo

II) **SERVIZO DE MADRUGADORES** de 7:30 a 9:00 Xestionado polo Concello de Santiago.

III) **SERVIZO DE XANTAR** de 14:00 a 16:30 Xestionado polo Concello de Santiago. Funciona en días lectivos, co servizo de cátering Serunión, nos locais cedidos polo centro. Lembren que os servizos de madrugadores e xantar deben solícialos anualmente na Concellaría de Educación do Concello de Santiago, cando saia a convocatoria

correspondente.

IV) **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** de 16:30 a 18:30 (xestionadas pola ANPA)

VI) **PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA** no centro:

- ⊗ P. de medioambiente (*Salvemos o río Sar e as súas brañas e horto escolar*)
- ⊗ P. ABALAR nos catro cursos do terceiro ciclo de primaria.
- ⊗ SECCIÓN BILINGÜE nos dous cursos de 4º de Primaria, na área de plástica. Auxiliar de conversa para o curso 2014-2015.
- ⊗ CONTRATO-PROGRAMA de reforzo, orientación e apoio na modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo para alumnado de 3º a 6º, ambos os dous inclusive, con profesorado do centro (luns e xoves de 16:30 a 18:30 h.)

Así mesmo está en funcionamento:

- Plan de convivencia, con mediadores de 6º á hora do recreo
- P. de biblioteca de centro
- Plan de integración das TIC
- Dinamización da lingua galega.

8.- **Os impresos de solicitude** de admisión, anexo II e posterior formalización de matrícula, anexo III poden descargarse de <https://sede.xunta.es/portada>, <http://www.xunta.es/portada> , <http://www.edu.xunta.es/web/node/11615> e na páxina web do colexio <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramoncabanillas> ou ben solicitalos no propio centro.